

V CARREIRA POLA DIVERSIDADE

Regulamento

ÍNDICE:

Art. 1): PRESENTACIÓN

Art. 2): MODALIDADES

Art. 3) CATEGORÍAS

Art. 4) INSCRICIÓN

Art. 5) CLASIFICACIÓN E PREMIOS

Art. 6) CONTROL DE CARREIRA

Art. 7) SERVICIOS

Art. 8) PROBAS INFANTÍS

Art. 9) SORTEO DE AGASALLOS

Art. 10) SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

Art. 11) PERCORRIDO

REGULAMENTO

Art. 1) PRESENTACIÓN

- a) A **Asociación Ambar das Persoas con Diversidade Funcional** organiza o día **14 de Xullo** no Concello de Riveira a **V Carreira pola Diversidade**. Trátase dunha proba con circuíto urbano con saída ás 10:30h. da explanada de Coroso.
- b) A carreira estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo, e formará parte do seu calendario oficial.
- c) A carreira ten carácter inclusivo e poden participar todas aquelas persoas maiores de 14 anos.
- d) Tras esta proba realizaranse probas infantís, de carácter non competitivo.

Art. 2) MODALIDADES

Existen 5 modalidades da carreira e os participantes deberán optar a unha das seguintes opcións:

- Modalidade 5.000 m Zapatilla absoluta.
- Modalidade 5.000 m Zapatilla inclusiva. Poderán inscribirse nesta categoría todas as persoas con diversidade intelectual, sensorial ou motriz que non se inclúan en ningunha das outras modalidades.
- Modalidade 5.000 m Hand Bike.
- Modalidade 5.000 m “Cadeira de atletismo”.
- Probas infantís: adaptadas por idades, sen carácter competitivo.

Art. 3) CATEGORÍAS

1. Establécense as seguintes categorías para ambos os xéneros, masculino e feminino, con trofeo para os 3 primeiros postos de cada unha:
 - **Zapatilla**: Home/Muller
 - Sub 23: desde 14-23 anos.
 - Sénior: 24-34.
 - Master 1: 35-44
 - Master: Desde 45 anos.
 - **Zapatilla Inclusiva**: Home/muller.
 - **“Cadeira de atletismo”**: Home/Muller
 - **Handbike**: Home/Muller



2. Os tempos alcanzados polos participantes con dorsal 000 non se terán en conta na clasificación final.

Art. 4) INSCRICIÓN

A cota de inscrición é de 6 €. A recadación será destinada a programas de inclusión social da entidade.

O tope de inscritos será de 300 adultos no total das distintas modalidades da carreira de 5.000 m.

A inscrición nas modalidades de Cadeira de atletismo e handbike darán dereito a hospedaxe do deportista e 1 acompañante a noite do día 13/07/2019, por orde de inscrición ata fin de existencias.

A inscrición poderá facerse na seguinte web:

Páxina web www.carreirasgalegas.com

Ademais, nesta mesma páxina web, existe a posibilidade de facer a inscrición do **“Dorsal 0”** (trátase do abono dunha cota solidaria), debendo indicar no concepto **“Carreira dorsal 0”**. Tamén se poderá adquirir na mesa de dorsais o propio día da proba.

Os dorsais recolleranse no punto de Información e avituallamento preto da saída, a partir das 09:45 h. Cada dorsal irá acompañado dun detalle conmemorativo.

A data límite de inscrición termina o día 11 de Xullo ás 23:59 horas.

A partir desta data só poderase formalizar a inscrición con dorsal 0 nos teléfonos 981875475/981874480, ou o propio día no punto de repartición de dorsais, se non se ten superado o límite de inscritos.

Art. 5) CLASIFICACIÓN E PREMIOS

A clasificación será por categorías, de modo que recibirán trofeo os 3 primeiros participantes de cada categoría, tanto masculina como feminina.

Art. 6) CONTROL DE CARREIRA

A carreira estará controlada ao longo do seu percorrido polo persoal correspondente (apertura e peche de carreira, sinalizacións, etc.). O control de chegada pechará ás 11:15 h.



Art. 7) SERVICIOS

A proba conta cun seguro de responsabilidade civil así como con servizo de ambulancia e médico. Tamén estarán a disposición dos participantes vestiarios e duchas no Centro de Raqueta (Pavillón de Coroso) e no IES. N° 1 adxacentes ao lugar de realización da carreira.

Art. 8) PROBAS INFANTÍS:

Ao terminar a V Carreira pola Diversidade, realizaranse varias probas infantís, baixo as seguintes condicións:

- **Inscripción gratuíta.** Efectuarase nos mesmos puntos que a proba de adultos. Data límite de inscrición **11 de Xullo ás 23:59 horas.**
- Tope de inscritos 150 nenos.
- Non se realizarán clasificacións das probas infantís, todos os participantes recibirán unha medalla conmemorativa.
- Inicio do primeiro grupo ao rematar a proba absoluta.
- Percorridos accesibles, e adaptados aos grupos de idade sendo:
 - o 9-13 anos 1.200 m.
 - o 6-8 anos 600 m.
 - o 3-5 anos 75 m.

As categorías e percorridos poderán ser modificados se non se acada un mínimo de 15 nenos inscritos por categoría.

Art. 9) SORTEO DE AGASALLOS:

Ao finalizar a entrega de trofeos farase un sorteo de distintos agasallos doados por entidades da comarca. Inclúranse no sorteo os dorsais 000. Os agasallos sortearanse entre as persoas presentes.

Art. 10) SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

Esta proba dispón de un seguro de responsabilidade civil e de accidentes, polo que para poder desfrutar do mesmo é imprescindible que os corredores se inscriban na páxina web e fagan constar todos os datos que nela se solicitan.

A organización non se fará responsable nos casos que os datos sexan falseados pola persoa inscrita, nin en aqueles participantes que asistan á proba sen realizar a correspondente inscrición oficial.

Art. 11) PERCORRIDO:

O percorrido terá unha distancia de 5.000 m, no circuito que se mostra:



Art. 12) RECLAMACIÓNS:

As reclamacións aos resultados oficiais poderanse facer verbalmente ao xuíz árbitro da competición non máis tarde de 30' despois da publicación dos mesmos. Todo o non recollido no presente regulamento resolverase dacordo ás normas oficiais da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. Así mesmo autoriza a publicación da súa imaxe nas rrrs propias do evento. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o/a interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow ,13 - 15008 A Coruña.

OUTRAS DISPOSICIÓN:

Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

ASISTENCIA MÉDICA: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

LOPD: Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.